


Concerto

BANDA
MUNICIPAL
DE
RIBADEO

Xoves 1 de Agosto
1996
RIBADEO

Dentro das
**IV XORNADAS
MAR POR MEDIO**



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO


DELEGACION DE CULTURA

ASOCIACIÓN
AMADORES DA MÚSICA
ACADEMIA DE MÚSICA
«CARLOS A. FDEZ. -CID»

**MAR
POR
MEDIO**

IV XORNADAS
DE CULTURA
GALEGA:
UNHA VISIÓN
DESDE
INGLATERRA

Concerto
BANDA
MUNICIPAL
DE
RIBADEO



Finlândia! Que astrevimento, pensarán algúns: a máis célebre das obras sinfónicas de Sibelius, e unha das máis difíceis, por unha **Banda** (que quer ser **Sinfónica**) de xóvenes amateurs, moitos deles con só meses de experiencia como instrumentistas de conxunto. Pero a **Banda Municipal de Ribadeo** imbuíuse da escrita de Jean Sibelius hai meses, cando preparou para o seu concerto de Nadal o **Vals triste**, tamén en programa. E non foron poucas as audicións realizadas das versións do poema sinfónico e do vals: a de Karajan cos filarmónicos de Berlín e a de Colin Davis cos sinfónicos bostonianos. Non fica neste concerto a audacia: con **Finlândia** concorrirá a **Banda Municipal de Ribadeo** ao II Certame de Bandas da TVG, xa en emisión; con **Finlândia** e coa habanera para Banda Sinfónica **Lonxe do Mar**, escrita polo propio director da Banda tamén incluída no programa. Haxa sorte.

Seguindo o criterio empregado na elaboración do programa da **Banda** para o concerto de anteriores edicións de **Mar Por Medio**, incluíronse neste páxinas de música clásica ou sinfónica, nomeadamente: aparte das citadas, o peculiar arranxo de fragmentos da **Sinfonia do Novo Mundo**, de Dvorak, e o célebre Coro de Peregrinos de **Tannhäuser**, que na versión instrumental ven ser a primeira parte da obertura da ópera de Wagner.

John Barry é un dos máis importantes autores de bandas sonoras: a de **Out of Africa** é do mellor do xénero. Gustav Holst escribiu moita música para intérpretes afeizoados, en especial para a orquestra feminina que el formou e dirixiu nun coléxio de Londres donde ensinaba música para subsistir; non, **Os Planetas** non é precisamente unha desas obras para diletantes, pero seguro que a Holst non lle ofendería escoitar á **Banda Municipal de Ribadeo** o arranxo facilitado do Andante de **Xúpiter** que fixo o xoven compositor holandés Johan de Meij. Barry e Holst son compositores ingleses: vaia a súa música en honra dos nosos ilustres visitantes.

PROGRAMA

- Sinfonia do Novo Mundo**..... *A. Dvorak*
(Arr. do IV mov. e cita do II)
- Tannhäuser** (Coro de Peregrinos)..... *R. Wagner*
- Vals triste**..... *J. Sibelius*
- Finlândia**..... *J. Sibelius*
- Port-Bou-Saraxevo**..... *Hernán Naval*
- Lonxe do Mar** (Habanera)..... *Hernán Naval*
- Memórias de África**..... *John Barry*
- Xúpiter** (Da Suite Os Planetas)..... *G. Holst*

HERNÁN NAVAL

Director

